

RESUMO DAS MEDIDAS PARA CENTROS RESIDENCIAIS NA CRISE DO COVID-19

Tódolos centros de carácter residencial (maiores, persoas con discapacidade ou centros de análoga natureza), tanto de titularidade pública como privada deberán manter a súa actividade, non podendo adoptar medida algunha que en relación coa emerxencia do COVID-19 leve ao peche, redución ou suspensión de actividades ou de contratos laborais, agás que a autoridade competente da comunidade autónoma o determine.

- ☞ Suspéndense as actividades que supoñan acceso de persoas externas.
- ☞ Parálizanse todos os ingresos en residencias de maiores e persoas con discapacidade, con excepción dos casos derivados polas autoridades sanitarias.

1.-Os residentes deben clasificarse en:

- Sen síntomas e sen contacto estreito con caso posible ou confirmado de COVID-19.
- Residentes sen síntomas, en illamento preventivo por contacto estreito con caso posible ou confirmado de COVID-19.
- Residentes con síntomas compatibles co COVID-19.
- Casos confirmados de COVID-19.

- ⇒ É preferible o illamento vertical ou por plantas de cada un dos grupos. Se é posible o centro debe empregar a sectorización de incendios xa definida como área de ubicación de cada un dos grupos.
- ⇒ O centro deberá atender especialmente o mantemento na zona de illamento de persoas deambulantes ou errantes, con trastorno neurocognitivo, de xeito que se lles permita deambular sen que poidan saír desa zona de illamento.
- ⇒ Residente con infección respiratoria aguda leve (IRAL) debe ser illado do resto de residentes. Se hai máis de un e non é posible o illamento individual, pódese recorrer ao illamento por cohorte.
- ⇒ Residente con diagnóstico COVID-19 confirmado, debe ser illado do resto de residentes. Se hai máis dun pódese recorrer ao illamento por cohortes.
- ⇒ Casos posibles ou casos confirmados de COVID-19, deben manterse illados do resto de residentes.
- ⇒ Colocarase carteis na porta ou/e na parede de fóra da habitación/zona de illamento onde se describa claramente o tipo de precaucións necesarias

2.-Os traballadores deben seguir as medidas de protección do Ministerio de Sanidade, segundo o nivel de risco ao que están expostos.

- ⇒ Tentar reducir o número de traballadores en contacto directo cun enfermo ou posible caso, así como o tempo de exposición. Para iso os traballadores deben ser asignados a un dos grupos de clasificación, garantindo que sexan os mesmos os que interactúen nos coidados do devandito grupo. Non deben producirse rotacións de persoal asignado a diferentes zonas de illamento.
- ⇒ Se o persoal sanitario médico, de enfermería ou doutro tipo, tivo contacto estreito cun posible caso ou confirmado de COVID-19 e non presenta síntomas, seguirá a realizar a súa actividade normal así como a vixilancia de síntomas.
- ⇒ Identificarase aos traballadores que tiveron contacto co posible caso ou confirmado sen protección EPI e farase un rexistro de contactos que se proporcionará a Saúde Pública. De modo xeral seguirán coa actividade
- ⇒ O persoal sanitario que atenda nas zonas de illamento debe levar un EPI que inclúa: bata, máscaras cirúrxicas, luvas e protección ocular anti-salpicaduras. No caso de manobras que produzan aerosois é preferible o emprego de máscaras FFP-2. Débese cumprir unha estrita hixiene de mans antes e despois do contacto co paciente e da retirada do EPI.

3.-Adoptar medidas extremas de limpeza con desinfectantes recomendados pola autoridade sanitaria en todo o centro, con especial atención nos accesos/saídas dos sectores de illamento (portas, escaleiras, ascensores, etc) e zonas para as persoas deambulantes.

- ⇒ O persoal de limpeza recibirá formación e información previa á primeira entrada ao *box* ou cuarto de illamento e utilizará o equipo de protección individual.
- ⇒ O procedemento de limpeza e desinfección farase de acordo á política habitual do centro. Existe evidencia de que o coronavirus se inactiva con hipoclorito sódico cunha concentración ao 0,1%, etanol ao 62-71% ou peróxido de hidróxeno ao 0,5%, nun minuto. Empregaranse produtos autorizados para tal fin (tabla1) e material téxtil desbotable.
- ⇒ A limpeza farase dende as zonas máis limpas ás sucias.
- ⇒ O material desbotable eliminarase segundo os protocolos de residuos.
- ⇒ A retirada de roupa das persoas en illamento realizarase embolsada e pechada dentro do propio cuarto, non debe sacudirse e recoméndase lavala entre 60-90 graos. A louza nun programa da auga por riba dos 50°.
- ⇒ Debe haber un cubo de lixo con pedal preto da saída dentro da habitación do residente.

TODOS OS TRABALLADORES, SANITARIOS E NON SANITARIOS REALIZARÁN HIXIENE DE MANS ANTES E DESPOIS DO CONTACTO COAS PERSOAS ILLADAS, SUPERFICIES OU EQUIPOS, E DESPOIS DE QUITARSE O EPI. As uñas deben estar curtas e coidadas, evitando uso de aneis, pulseiras, reloxos de boneca ou outros adornos. O emprego de luvas non exime da hixiene de mans.

4.- Con carácter xeral e sempre que haxa dispoñibilidade, deberá realizarse a proba diagnóstica aos casos que presenten síntomas. Para iso, o persoal da residencia deberá poñerse en contacto co centro de Atención Primaria asignado. Tras unha primeira valoración do caso e se presenta síntomas leves, o paciente ficará en illamento na residencia garantindo que se fai seguimento. Se é necesario derivarase a un centro sanitario.

5.-A autoridade sanitaria da comunidade autónoma poderá modificar a prestación de servizos do persoal médico, de enfermería ou outro tipo de persoal sanitario de residencias e centros sociosanitarios (con independencia da súa titularidade pública o privada), atención primaria, hospitalaria ou especializada extrahospitalaria para adaptalos ás necesidades de atención, poñendo o feito en coñecemento dos sindicatos para que cumpran a súa función.

- ✓ Os centros deberán elaborar plans de actuacións (que contemplan un plan de continuidade ante unha previsible baixa de persoal) e crear un comité de coordinación da epidemia.
- ✓ Están suxeitos á inspección dos servizos sanitarios da comunidade autónoma en calquera intre.
- ✓ O titular do centro garantizará a posta a disposición de información veraz e suxeita ao sistema de información vixente, sobre as características físicas do centro, persoal e residentes/pacientes do mesmo, con especial atención ás medidas adoptadas.
- ✓ Os centros residenciais deberán comunicar de inmediato á Consellería de Servizos Sociais e de Sanidade, así como á Delegación ou Subdelegación do Goberno, a imposibilidade para cumprir medidas, para xestionar adecuadamente a conservación e retirada de cadáveres e calquera circunstancia que poña en grave perigo a integridade e sostemento do servizo que se presta.
- ✓ A comunidade autónoma poderá intervir os centros residenciais, podendo:
 - a) Ordenar a alta, baixa, reubicación e traslado de residentes a outro centro do seu territorio.
 - b) Pór en marcha novos centros residenciais e modificar a capacidade ou organización dos existentes e modificar o uso dos espazos.

➔ Cando se acredite a non existencia de demandantes de emprego coas titulacións específicas necesarias na zona onde estea ubicado o centro, poderán desenvolver estas funcións persoas que, carecendo da titulación teñan experiencia no coidado e atención de persoas dependentes, debendo as entidades prestadoras dos servizos garantir a supervisión e formación práctica no posto de traballo para mellorar as súas competencias profesionais.

A autoridade competente da comunidade autónoma deberá priorizar a identificación e investigación epidemiolóxica dos casos por COVID-19 relacionados con residentes, traballadores ou visitantes dos centros sociais de carácter residencial, priorizando a realización das probas diagnósticas dos residentes e do persoal que presta servizo nos mesmos, así como a dispoñibilidade dos EPIs para ambos colectivos.

Todos os centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios públicos ou privados estarán obrigados a declarar, con carácter urxente, os casos e falecementos relacionados co COVID-19 tanto nos usuarios coma no persoal dos centros, servizos e establecementos sanitarios:

- Nos centros, servizos e establecementos sanitarios públicos, a declaración rutineira farase a través dun programa informático corporativo e seguindo as instrucións do órgano competente en saúde pública.
- No resto dos centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios, a declaración farase a través das xefaturas territoriais da forma acordada pola Dirección Xeral de Saúde Pública, respectando os principios de confidencialidade, rapidez e utilidade.

Os datos deberán estar á disposición da Dirección Xeral de Saúde Pública diariamente entre as 15.00 h e as 18.00 horas. No caso dos falecementos, deberán notificarse no prazo máximo de dúas horas dende que se produzan.

Na notificación incluíranse:

- a) Respecto de persoas usuarias: nome e apelidos, DNI, data de inicio de síntomas, existencia ou non de mostra, data de recollida da mostra, se foi ingreso hospitalario, se está en domicilio ou é usuario de residencia sociosanitaria e nome desta. En caso de falecemento, engadiranse o lugar, a causa e a data de falecemento.
- b) Respecto do persoal: nome e apelidos, DNI, posto de traballo, data de inicio de síntomas, existencia ou non de mostra, data de recollida da mostra, hospitalización, falecemento por COVID-19 e data deste.

A notificación será acumulada, é dicir, manteranse e actualizaranse os casos xa notificados previamente.

Será responsabilidade do titular da dirección ou xerencia asegurar que todos os facultativos médicos obrigados a declarar o fagan en tempo e forma, facilitando os medios para que poidan cumprir coas indicacións da autoridade sanitaria.

Este resumo recolle informacións de:

- *Orde SND/275/2020 de 23 de marzo de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, sobre acreditación para garantizar de los centros y servicios del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia.(BOE núm 82 de 25 de marzo de 2020)*
- *Orde SND/275/2020 de 23 de marzo, por la que se establecen medidas en el ámbito de los centros de servicios sociales de carácter residencial en relación con la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 (BOE núm 81 de 24 de marzo de 2020)*
- *SND/265/2020, de 19 de marzo, de medidas relativas a las residencias de personas mayores y centros socio-sanitarios, ante la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 (BOE núm 71 de 21 de marzo de 2020)*
- *RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.(DOG núm. 49-bis do 12 de marzo de 2020)*
- *Recomendacións da Xunta de Galicia para residencias de maiores e centros socio-sanitarios para o COVID-19. Versión 2 (16/03/2020)*
- *Protocolo de actuación en centros residenciais fronte ao COVID-19 (Anexo II, DOG 63 do 31 de marzo de 2020)*
- *Orden SND/322/2020 de 3 de abril de medidas urxentes de asistencia social ou sanitaria (BOE núm.95 do 4 de abril de 2020)*
- *Acordo do 3 de abril de 2020 que establece notificación obligatoria dos falecementos por COVID-19 (DOG núm. 68 do 7 de abril de 2020)*

→ A FEGAMP recomenda a lectura íntegra dos textos